

MARÉ

**SEN REMUDA** Cesáreo Sánchez renovará mañá á fronte da Asociación de Escritores en Lingua Galega, que celebra a súa asemblea de socios

# Mellor consolidados

**"Agardamos que na próxima lexislatura o futuro presidente da Xunta nos reciba", asegura o poeta**


V. Oliveira · Santiago

O poeta ourensán Cesáreo Sánchez, pedirá mañá o apoio dos socios da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) para continuar á fronte do colectivo logo de que remudase no cargo a Euloxio Ruibal en 2005. Tras ser reelexido hai dous anos, Cesáreo Sánchez adiantou onte que o consello directivo contará con dous novos membros: os autores Francisco Castro e Elvira Riveiro.

Outro dos puntos da orde do día que se tratarán na Asemblea anual de socios da AELG que se celebrará a partir das 11.00 horas no Salón de Actos do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), será a presentación do informe económico e de actividades do ano pasado.

O presidente da AELG fai un "balance especialmente positivo" do 2008 xa que a asociación "está más consolidada ano a ano, medra a presenza social dos escritores, temos unha web con 3.000 entradas diárias e cada vez máis, os autores teñen maior presenza social", apunta.

Ao seu ver, "é importante que a estrutura da asociación se foi consolidando nestes anos, e agradécese a implicación de todos os asociados", engade. Cesáreo Sánchez tamén destaca que "aumentaron



Cesáreo Sánchez foi elixido presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega en 2005

## NOVIDADES

### Potenciación das polafías

Entre as novedades que este ano terán lugar na Asociación, Cesáreo Sánchez apuntou que haberá algunhas modificacións nos galardóns, celebrarase un encontro sobre a literatura no ensino e tamén se van potenciar as polafías, que é "unha sección moi activa da asociación".

os fondos" cos que conta a súa web á que se irá incorporando novo material como "o inventario das casas dos escritores" impulsado pola Consellería de Cultura.

A Asemblea da AELG tamén presentará as actividades para este ano que se someterán á votación dos socios, entre as que non faltarán a participación dos escritores galegos no Galeusca que este ano se celebra en Euskadi, o encontro de novos autores e os principais premios que conceden como 'Os bos e xenerosos', 'O escritor

na súa terra' (Letra E) ou o 'Escritor Galego Universal' que este ano recae en mexicana Elena Poniatowska e o ano pasado na cubana Nancy Morejón. Poniatowska recollerá a distinción na Cea das Letras que a AELG celebrará en maio deste ano.

Malia valorar os esforzos acometidos dende a Administración pública pola visibilización dos escritores, Cesáreo Sánchez agarda que "na próxima lexislatura o futuro presidente da Xunta nos reciba, xa que nesta non foi posible". ●